




PRIMAVERA DO LIBRO


Esta época é un tanto especial, porque son moitas as actividades que temos programadas en torno aos libros e á lectura. Para ir facendo boca:

- Na biblioteca e no seu exterior podemos disfrutar coa exposición de antigos xornais **Nin Quito**, **Nin Poño**, coa que rematamos as actividades da **Semana da Prensa** e comenzamos coa elaboración do número deste curso.



Ademais, o día 20 de abril estará con nós unha xornalista da Voz de Galicia para contarnos cousas sobre o seu traballo.

- Temos **CONTACONTOS** a cargo de nais, país e antigas alumnas. Cada curso recibirá a visita destes especiais contadores que nos deleitarán coas súas historias. Á clase de 3 anos irá a mamá de Hugo, Cristina, e os papás de Adrián. Ás clases de 4 e 5 anos e 1º de primaria virán as exalumnas Carmela, Laura Pena e Claudia. A 2º virá Aina, a mamá de Blanca e de Rosa. En 3º teremos a Tomás, o papá de Amanda. En 4º a Miguel, o papá de Cristian e con




5º e 6º estará Suso, o papá de Laura e de Sara.

- Faremos **EXPOSICIÓNS** con libros aportados polo profesorado e polo alumnado. Serán uns libros dos que gardemos un bo recordo da súa lectura e que queiramos prestar aos amigos e compañeiros para que tamén gocen del.

Cada titor recollerá os libros para a exposición ata o día 20 de abril. A exposición estará a partir do 23, DÍA DO LIBRO.


- Ese día faremos a actividade que tanto nos gustou os cursos pasados, trátase dos **APADRIÑAMENTOS LECTORES.**



- Para celebrar as **LETRAS GALEGAS**, ademais de todas as actividades das clases, teremos o **FESTIVAL DAS LETRAS**, cun variado programa de actuacións. Tamén elaboraremos un folletoño coa axuda do alumnado de 6º, coa obra e vida de Paz Andrade, autor homenaxeado este ano.

- E para rematar e como non podía faltar, o xoves 31 de maio celebraremos o **ANIVERSARIO de Puca**, son xa 4 os anos que leva con nós!

Puca invítanos a disfrutar con ela nunha gran festa e seguro que se poñerá moi contenta cos nosos agasallos e oíndonos cantar a súa canción. Ese día



entregaremos os diplomas ao mellor devorador de libros de cada clase.

- Só queda lembraros que no blog tedes enlaces a diversas actividades relacionadas co Día do Libro e coas Letras Galegas 2012

Boa PRIMAVERA DO LIBRO e que disfrutedes moito con todas as actividades!

Un saúdo do Equipo da Biblioteca!



Primavera do livro 2012

BIBLIOCERVO